

Convocatoria

Asemblea xeral ordinaria 2024 da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Venres **31 de maio de 2024** – 9:30 horas en primeira convocatoria, **10:00 horas** en segunda.
Hotel NH Collection. Avda. do Burgo das Nacións, 4 (fronte ao Auditorio de Galicia)
Santiago de Compostela.

A Presidenta da **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor, procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria de EspazoCoop, o venres **31 de maio de 2024** en **Santiago de Compostela**, no Hotel NH Collection (Avda. do Burgo das Nacións, 4. Santiago de Compostela). Sendo a primeira convocatoria ás 9:30 h. e a segunda ás **10:00 h.**

Orde do Día:

1| Memoria Social e Balance Social do exercicio 2023.

Informe das actividades realizadas e dos resultados acadados.

2| Informe de ingresos e gastos do exercicio 2023.

Presentación das contas e lectura ao Informe de auditoría emitido por A3M Consultores.

3| Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2023 e da distribución de resultados.

Sométese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente.

4| Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, do exercicio 2024: actuacións e orzamento.

Proposta de actividades a realizar e proxecto de orzamentos, para este ano.

5| Cota asociativa, para 2024.

Aprobación da cota asociativa para 2024, coa proposta de manter os niveis actuais.

6| Elección das persoas que asinarán a acta

Tres persoas presentes na asemblea, deben asinar a acta, xunto coa presidenta e secretario da mesma.

7| Rogos e preguntas

Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2024.



Asdo. Ana Olveira Blanco

A partir das 12:00 h compartiremos a mañá co resto de entidades do Foro pola Economía Social Galega, coa intervención de representantes institucionais, nun plenario, e un petisco-xantar.

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **INSCRIBIRSE**, no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado con esta convocatoria, ou tamén [neste enlace](#)

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

- 1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.
- 2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsable da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.